



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FUNDACIÓN EUROPEA POR LAS PERSONAS DESPARECIDAS QSDGLOBAL

1.- O Decreto 72/2013, do 25 de abril, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No exercicio das súas competencias correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de Administracións Públicas e Xustiza e entre os seus obxectivos está o de promover actuacións en colaboración con institucións sen fins de lucro, no marco das competencias en materia de asociacións e fundacións.

2.- **Antecedentes:** A Fundación Qsdglobal ten entre as súas funcións colaborar na articulación das accións de búsqueda de desaparecidos mediante nexos entre as familias afectadas, as asociacións, as institucións, as forzas e corpos de seguridade do Estado e os medios de comunicación co obxectivo de conseguir a creación dun espazo común para a difusión das procuras coa participación das familias e a cidadanía.

Qsdglobal é unha rede solidaria e unha multiplataforma operativa, sendo o espazo no que conflúen o traballo das institucións, dos corpos e forzas de seguridade, a acción informativa dos medios de comunicación e o potencial de axuda solidaria dos cidadáns coas demandas de procura dos familiares dos desaparecidos.

3.- **Finalidade:** O obxecto da Fundación Qsdblobal é a búsqueda permanente de persoas desaparecidas e en risco así como a actuación preventiva fronte a novas desaparicións.

4.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte: Esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Fundación Qsdblobal no desenvolvemento destas actividades.

5.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Fundación Qsdblobal no desenvolvemento destas actividades.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará á entidade a cantidade de once mil cento tres euros con cuarenta e un céntimos (11.103,41 €) que se imputarán á aplicación






orxamentaria 05.21.121A.781.0 (código de proxecto 2015 00121) dos orxamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

6.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

A secretaria xeral técnica



Beatriz Quiña Barja



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Europea por las personas desaparecidas QSDGLOBAL*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 23 de decembro de 2016.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.

